

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE MAIO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día quince de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 8 de maio de 2013.


ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a denegación de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para estación base de telefonía móbil en rúa Recatelo, número 7.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Tino Prados, número 16.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de plataforma de comunicación, a nivel de plantas semisoto e baixa, do Centro Tecnolóxico Alimentario de Lugo (CETAL) con licenza 1598/09, coa aula de produtos lácteos da Universidade de Santiago de Compostela, con licenzas 758/12 e 867/12, sito en solo urbano, na rúa das Artes, esquina rúa Montirón, San Fiz; para cambio de uso de planta baixa comercial a garaxe aparcadoiro en grao 1º - situación B, no edificio con licenzas números 240/79 e 333/93, sito na avda. das Fontiñas, número 126-baixo; para a legalización e reforma de entresollado para uso privado vinculada a local de planta baixa, no edificio con licenzas 263/76 e 344/78, sito na avda. da Coruña, número 169; para a instalación de ascensor no edificio sito na rúa Irmáns Carro, número 6; para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada e dous alpendres, formando un conxunto de edificios tradicionais, no Polígono 252, parcela 27, Entrambos Ríos e para acondicionamento e urbanización exterior da parcela libre de edificación e posta en valor dos restos arqueolóxicos, debendo realizar a intervención arqueolóxica durante o desenvolvemento da execución da obra, as

Código Seguro de verificación:vwPpMexVHLwXJLhKv7+hDQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia	FECHA	22/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/4
 vwPpMexVHLwXJLhKv7+hDQ==			

obras realízanse no edificio con licenza número 479/09, sito en solo clasificado como urbano, na Praciña do Colexio, números 2 e 3.

Acórdase a denegación de licenza para a construción de local social para club hípico en Galegos, s/n, Polígono 444, parcela 128.

Acórdase a rectificación de erro no acordo número 1/797, adoptado pola Xunta de Goberno en sesión do día 20 de setembro de 2006, polo que se concedía licenza de obra para rehabilitación de edificio destinado a vivenda unifamiliar na rúa Miño, número 22.

3. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación da disolución da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación Centro Norte-19, do PXOU de 1990.

4. XESTIÓN.- Acórdase a resolución do recurso de reposición presentado, mantemento do desaloxo dos ocupantes do inmovible, declaración de non incursión do inmovible en ningún suposto de ruína e requirimento de presentación de proxecto de rehabilitación no expediente contraditorio de ruína do inmovible número 12 da praza de Santo Domingo.

Tamén se acorda a resolución de recurso de reposición no expediente contraditorio de ruína urbanística e técnica do anexo ao inmovible número 17 da praza de Ferrol, sito no resto da parcela (unidade edificatoria 130205).

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

5. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo pola directora da Escola Infantil "Serra de Outes" e a aprobación da forma de compensación.


ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición interposto contra a reclamación de cantidade pola empresa adjudicataria do contrato para redacción do proxecto de edificio para Biblioteca municipal.

Así mesmo, acordase a declaración de deserto do procedemento para a contratación do lote 2 (subministración de vehículo radio patrulla) na contratación da subministración mediante lotes dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e un vehículo radio patrulla para a Policía Local mediante alugamento financeiro (operación de leasing).

Código Seguro de verificación:vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	22/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==	PÁGINA 2/4



vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==

Acórdase a prórroga polo prazo dun ano dende o 24 de maio de 2013 do contrato administrativo asinado coa entidade adxudicataria da prestación do Servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada), así como da vixilancia da saúde.

Do mesmo xeito, acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente ao Servizo de prestación das actividades extraescolares e complementarias levadas a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS do Concello de Lugo polo prazo dun ano, contado dende o 20 de maio de 2013.

Tamén se acordou a prórroga polo prazo dun ano, contado dende o 28/05/2013 ata o 27/05/2014, do contrato administrativo asinado coa entidade adxudicataria da contratación do servizo público municipal do Centro de Día Novo Antonio Gandoy.

6. FACENDA LOCAL.- Estimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación número 6087495 (324bis/2013) xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza para cambio de uso de dúas vivendas a dúas oficinas na praza do Campo Castelo, 18.

Acórdase aprobar a solicitude formulada na que se interesa a desistencia á solicitude de licenza de obras para modificacións e ampliación de vivenda unifamiliar sita en airexe, 6, Santa María de Bascuas, pola que ingresou a autoliquidación número 5043403, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 233,08 €.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Oliveira (parcela 2).


Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Resolución do recurso administrativo interposto contra o acordo da contratación do servizo de produción, apertura e vixiancia para a execución de espectáculos e actividades no Auditorio Municipal Gustavo Freire así como dos servizos de produción no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHLL) e de actividades na rúa e outros lugares organizados pola Concellería de Cultura do Concello de Lugo.

Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.


Código Seguro de verificación:vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	22/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==	PÁGINA	3/4



vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==

Código Seguro de verificación:vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		FECHA	22/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==	PÁGINA	4/4
				
vwPpMexVHLwxJLhKv7+hDQ==				